

GUÍA DE USO

Ciencias Naturais 2º de Ed. Primaria

[Curso](#) [Axustes](#) [Participantes](#) [Cualificacións](#) [Informes](#) [Máis ▼](#)

Presentación 1. Como medramos! 2. Coidamos a nosa saúde 3. Montamos un horto escolar
4. Xogamos cos animais 5. Somos científicas e científicos 6. Inventamos máquinas
[Caixa das marabillas](#)



Autores:

María Sánchez Seco
Norberto Blanco Dorrío

Recurso elaborado polo [equipo de creación](#) deste curso nunha licenza de formación concedida pola Consellería de Educación. Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024/2025.

INDICE

1.	Presentación.....	3
2.	Menú principal	4
3.	Folla de ruta	4
4.	Compartir e comunicar	5
5.	Informarse e aprender:.....	5
6.	Traballos e tarefas.....	6
7.	Avaliación	7

1. Presentación



Benvidos e benvidas ao manual de uso do curso de Ciencias Naturais de segundo de Educación Primaria. Este documento foi creado co obxectivo de axudarvos a comprender a estrutura e o funcionamento das distintas seccións que compoñen cada unha das seis unidades didácticas que conforman este curso na plataforma Moodle.

Cada unidade didáctica está organizada en diferentes apartados que facilitan a aprendizaxe, a comunicación e a avaliación dos contidos de forma clara e estruturada. A continuación, describimos os apartados principais que atoparedes en cada unidade:

- **Folla de ruta:** Neste apartado atoparedes unha explicación xeral sobre os obxectivos da unidade, os contidos a tratar e as actividades que ides realizar.
- **Informarse e aprender:** Aquí presentaranse os materiais teóricos e recursos didácticos necesarios para aprender os conceptos clave da unidade.
- **Compartir e comunicar:** Neste espazo fomentárase a participación activa do alumnado a través de foros, debates e actividades colaborativas.
- **Traballos e tarefas:** Nesta sección atoparedes as actividades e tarefas que debedes realizar para poñer en práctica os contidos aprendidos.

Esperamos que este manual sexa de grande utilidade para que aproveitedes ao máximo todas as posibilidades que ofrece o curso. Animámosvos a explorar cada unidade con interese, participar activamente e disfrutar da aprendizaxe das Ciencias Naturais..

2. Menú principal




O menú principal do curso constitúe o punto de partida para acceder a todas as seccións dispoñibles. Nel atoparedes organizadas de forma visual e intuitiva as lapelas que dan acceso aos contidos principais:

- **Presentación do curso:** Nesta sección inicial atoparedes unha descrición xeral do curso, os obxectivos principais e algunhas indicacións para comezar.
- **Seis unidades didácticas:** Cada lapela corresponde a unha das unidades do curso.
- **A caixa das marabillas:** Esta é unha sección especial destinada a ofrecer recursos de interese para o profesorado. Inclúense materiais complementarios, ferramentas didácticas e propostas adicionais que poden ser útiles para enriquecer a experiencia de ensino e aprendizaxe.

O menú principal foi deseñado para facilitar o **acceso rápido** e **organizado** a todas as partes do curso, garantindo unha navegación sinxela e eficiente tanto para o alumnado como para o profesorado.


3. Folla de ruta



Neste apartado atoparedes unha explicación xeral sobre os obxectivos da unidade, os contidos a tratar e as actividades que ides realizar. A "folla de ruta" servirá como unha guía inicial para organizar o voso proceso de aprendizaxe. Ademais, proporcionará unha visión global do que atoparedes nos seguintes apartados:

- **Informarse e aprender:** Presenta os materiais teóricos e recursos didácticos necesarios para adquirir os conceptos clave da unidade. Inclúen textos, imaxes, vídeos e outras ferramentas interactivas.
- **Compartir e comunicar:** Este espazo fomenta a interacción activa entre o alumnado e o profesorado mediante foros, debates e actividades colaborativas, promovendo a reflexión e o intercambio de ideas.
- **Traballos e tarefas:** Inclúense actividades e exercicios prácticos que axudan a consolidar os aprendizaxes. Cada tarefa conta con instrucións claras e directrices para facilitar o seu desenvolvemento.

4. Compartir e comunicar



Neste espazo fomentarase a participación activa do alumnado a través de foros, debates e actividades colaborativas. En cada unidade haberá un foro onde o alumnado poderá resolver dúbidas e compartir información de interese sobre o tema tratado. Poderedes compartir as vosas ideas, aprendizaxes e dúbidas cos vosos compañeiros, compañeiras e co profesorado.

5. Informarse e aprender:




No apartado Informarse e aprender preséntase o núcleo fundamental dos materiais de estudo da unidade didáctica. Este espazo está deseñado para facilitar a comprensión dos contidos e o traballo autónomo do alumnado a través de diversos recursos estruturados. Inclúe os seguintes elementos:

- **Presentación do tema:** Unha introdución clara e visual que permite ao alumnado familiarizarse cos conceptos principais da unidade. Será en formato de texto, presentación multimedia e vídeo.
- **Libro de contidos:** Un recurso clave que contén o desenvolvemento teórico dos temas, complementado con actividades prácticas para realizar no portfolio. Estas actividades buscan consolidar os aprendizaxes mediante a reflexión e a práctica activa.
- **Mapa conceptual da unidade:** Unha representación gráfica que organiza e relaciona os conceptos máis relevantes. Este recurso axuda ao alumnado a visualizar a estrutura da unidade e comprender as conexións entre os diferentes elementos.

Este apartado busca garantir unha aprendizaxe significativa e ben estruturada, ofrecendo recursos variados e adaptados á etapa educativa do alumnado.

6. Traballos e tarefas




Nesta sección explícanse os recursos e ferramentas dispoñibles no curso de Ciencias Naturais que permiten organizar e desenvolver as actividades de xeito eficiente tanto para o alumnado como para o profesorado. A continuación, detállanse os principais elementos que se atoparán no curso:

- **Resumo das actividades a realizar para o portfolio:** Aquí atoparás unha lista organizada coas actividades que o alumnado deberá completar ao longo da unidade. Este resumo servirá como guía para que os nenos e nenas poidan preparar e presentar o seu portfolio, garantindo que todas as tarefas estean ben estruturadas e claras.
- **Libro H5P: "Comprobo o que sei":** Trátase dun recurso interactivo elaborado mediante a ferramenta H5P. Nel atoparás actividades dinámicas e entretidas que permiten ao alumnado repasar e aplicar os contidos do tema. O obxectivo é que poidan reforzar os seus coñecementos dun xeito lúdico e práctico.

- **Ligazón á proba de avaliación inicial** (*oculta para o alumnado*): O profesorado poderá acceder a esta proba para avaliar os coñecementos previos do alumnado ao comezo da unidade. Esta proba está oculta ao alumnado ata que o docente decida activala.
- **Ligazón á proba de exame** (*oculta para o alumnado*): Nesta sección encóntrase o exame final da unidade, ao que o profesorado poderá acceder para a súa revisión ou configuración. A proba está oculta ata o momento de ser asignada polo profesorado.
- **Tarefa de entrega do portfolio**: Para aquelas persoas que, por motivos xustificadas, non poidan asistir á clase presencial, habilitouse un espazo onde poderán subir as tarefas que forman parte do portfolio. Así, garántese que todo o alumnado teña a oportunidade de participar e completar as actividades propostas.
- **Base de datos: "Repositorio de materiais"**: Esta base de datos está deseñada para o profesorado, que poderá engadir e compartir recursos adicionais de interese relacionados coa unidade. Neste espazo, poderanse atopar materiais complementarios que faciliten a aprendizaxe do alumnado, como enlaces, documentos ou ferramentas multimedia.

Este apartado axudará tanto ao alumnado como ao profesorado a localizar facilmente os recursos do curso, garantindo un mellor aproveitamento das actividades e tarefas da unidade.

7. Avaliación



O cualificador de Moodle é unha ferramenta esencial para o alumnado, as familias e o profesorado, xa que permite facer un seguimento continuo do progreso nas diferentes actividades e avaliacións do curso. A continuación, explícase como acceder a el:

Para o Alumnado: Ver o seu Progreso

- **Acceso á plataforma Moodle:** Inicia sesión na plataforma Moodle co teu usuario e contrasinal.
- **Entrar no curso de Ciencias Naturais:** Selecciona o curso correspondente no panel principal ou no menú de cursos dispoñibles.

- **Acceder ao Cualificador:** Unha vez dentro do curso, busca no menú despregable esquerdo a sección chamada Cualificacións.
- **Visualización das cualificacións**
 - Na pantalla do cualificador, poderás ver todas as actividades avaliadas, as cualificacións obtidas en cada unha e, se o profesorado o habilitou, os comentarios asociados.
 - Tamén aparece unha cualificación total acumulada que reflicte o progreso global no curso.

Para o Profesorado: Supervisar o Progreso do Alumnado

- **Acceso ao curso:** Inicia sesión e entra no curso de Ciencias Naturais.
- **Acceso ao cualificador do profesorado:** No menú lateral esquerdo, selecciona a opción **Cualificador** ou, no caso de que estea oculto, preme no botón de configuración do curso (icona de engrenaxe) e selecciona Cualificacións.
- **Visualización detallada:**
 - Poderás ver as cualificacións de todos os estudantes de forma detallada. O cualificador mostra as actividades avaliadas, os comentarios que ti engadiches e as cualificacións totais acumuladas.
 - Desde esta vista, tamén podes engadir, editar ou corrixir cualificacións de forma manual en caso de ser necesario.

Notas Adicionais:

- As familias poden acceder ao progreso dos seus fillos/as a través do usuario correspondente, sempre que o centro habilite esta función.
- O cualificador actualízase automaticamente tras a entrega e corrección de actividades, polo que sempre reflicte o progreso máis recente.

Este apartado asegura que tanto o alumnado como o profesorado teñan unha guía clara para consultar e supervisar o progreso no curso.